Formada e rendida a conta xeral do orzamento desta corporación correspondente ao exercicio de 2021, e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican, polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes días, de conformidade co disposto nos artigos

208 e seguintes do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Cervantes a 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE, Benigno Gómez Tadín.

R. 2160

## CERVO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervo, con data 03 de xuño de 2022, en sesión extraordinaria urxente, aprobou definitivamente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para acondicionamento da estrada As Quintas - Concello de Cervo. Tamén se fai constar que por resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 22 de xullo de 2022 se ordena a inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia co número de rexistro ROTPG/P/53/2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no artigo 199 do seu regulamento, publícase o documento que contén a normativa e as ordenanzas do dito Plan:

### **TÍTULO I.-NORMATIVA URBANÍSTICA**

#### **CAPÍTULO I. OBXECTO DO PLAN ESPECIAL E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

##### **Art. 1.- Ámbito**

O ámbito de aplicación das Normas e Ordenanzas contidas no presente Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) é o delimitado no plano de ordenación 01.USOS PORMENORIZADOS.

##### **Art. 2.- Natureza**

- 1) O presente documento contén as ordenanzas reguladoras do PEID
- 2) O presente PEID redactouse de acordo coas disposicións contidas nos textos legais, cuxas abreviaturas serán as seguintes:
  - a) Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (en diante TRLS).
  - b) Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en diante LSG)
  - c) Decreto 143/2016, d 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG)
  - d) Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia(en diante PBA).
  - e) Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247 do 28.12.2018)
  - f) Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
  - g) Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
  - h) Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.
  - i) Lei 21/2013,de 9 de decembro, de avaliación ambiental.
  - j) Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
  - k) Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente a Directrices de Ordenación do Territorio (en diante DOT).
  - l) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de Cervo aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo no ano 1.978. (en diante NNSPP)
  - m) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (Revisión no núcleo urbano de Cervo) aprobadas definitivamente no ano 1.983
  - n) Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, adaptación á Lei de Adaptación do Solo de Galicia aprobadas definitivamente no ano 1.998 (revisión do medio rural).
  - o) Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade da Xunta de Galicia.
  - p) Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados (BOE 11/03/10).

- q) Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para el acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións (BOE 11/05/07).
- r) Orde FOM/273/2016, de 19 de febreiro, pola que se aproba a Norma 3.1-IC Trazado, da Instrución de Estradas.
- s) Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano. Ministerio de Fomento.
- t) Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.
- u) Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos

### **Art. 3.- Vixencia**

O Presente PEID terá vixencia indefinida, sen prexuízo das modificacións que puidesen incluírse no mesmo.

### **Art. 4.- Proxecto de urbanización**

- 1) Os proxectos de urbanización son proxectos cuxa finalidade é a de executar os servizos e dotacións establecidos polo planeamento. Teñen como obxectivo o detallar, programar e valorar coa precisión necesaria para que podan ser executadas as obras e levar á práctica todas as determinacións previstas no Plan Especial en relación coas determinacións correspondentes a viarios e espazos libres para a execución dos sistemas.
- 2) Os proxectos de urbanización conterán todas as obras de urbanización previstas no presente PEID.
- 3) Os proxectos de urbanización non poderán conter determinacións sobre a ordenación, réxime do solo ou edificación, nin poderán modificar as previsións do planeamento sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións e axustes necesarios motivados pola esixencia da execución material das obras. Cando as adaptacións supoñan alteracións que desvirtúen as determinacións sobre ordenación ou réxime do solo afectado, deberá aprobarse previamente a correspondente modificación do planeamento.
- 4) Sen prexuízo dos apartados anteriores o seu contido formal será o establecido no artigo 225º RLSG.
- 5) Todas as actuacións a executar dentro da zona de dominio público da estrada provincial deberán contar coa autorización da Deputación Provincial de Lugo, en especial as que afecten á seguridade viaria.

### **Art. 5.- Modificación do sistema de actuación**

Poderase modificar o sistema de actuación de acordo co previsto no artigo 112 da LSG e 285 do RLSG.

## **TÍTULO II.- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO**

### **CAPÍTULO II. DOTACIÓNS**

#### **Art. 6.- Réxime urbanístico**

De acordo coas determinacións da Disposición Transitoria Primeira apartado 2º.-) da LSG, o réxime urbanístico virá determinado polo seguinte réxime:

- a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da LSG, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.
- b) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) da LDG, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano non consolidado.
- c) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbanizable.
- d) Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.
- e) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.

#### **Art. 7.- Sistema xeral de infraestruturas de comunicacións**

O ámbito do presente PEID é o sinalado no plano de ordenación 01.USOS PORMENORIZADOS coa trama IC, Ob e correspóndese cun sistema xeral de infraestruturas de comunicacións, regulado pola presente Normativa.

## **TÍTULO III.-NORMAS DE URBANIZACIÓN**

### **CAPÍTULO III. REDE VIARIA**

#### **Art. 8.- Clasificación**

En función dos distintos usos previstos e segundo o previsto no plano de ordenación 02. PLANTA, o PEID distingue entre os seguintes tipos de circulación:

- a) Viario rodado. Coincidente coa estrada e a ponte.
- b) Viario peonil. Coincidente coa área de beirarrúas.

**Art. 9.- Condicións de deseño**

- 1) As seccións tipo do viario reflíctense no plano de ordenación do presente PEID:
- 2) En todo caso, teranse en consideración os parámetros establecidos na memoria así como na normativa reguladora de estradas e enunciada entre outra no Art. 2.- da presente Normativa.

**Art. 10.- Condicións de execución**

- 1) As condicións de urbanización para cada un dos tipos de viario proposto son:
  - a) Viario rodado: terá un pavimento formado por MB cunha base G de 6 cm, intermedia S de 5 cm e rodadura D de 4 cm.
  - b) Reposición de estradas existentes: dotarase co mesmo firme da estrada que resulte afectada.
- 2) En todo caso, as condicións sinaladas no presente artigo son orientadoras, podendo axustarse conforme ás xustificacións técnicas do proxecto de urbanización.
- 3) Os axustes introducidos no proxecto de urbanización conforme ás condicións de execución debidamente xustificadas non supoñen a necesidades de modificar o presente PEID.

**CAPÍTULO IV. REDES DE SERVIZOS****Art. 11.- Rede de abastecemento**

- 1) Será necesaria a execución dunha rede de abastecemento de auga adaptada ás necesidades e características da zona e ás previsións de crecemento da mesma.
- 2) En todo caso, teranse en consideración os parámetros establecidos nos planos de ordenación, podendo axustarse conforme ás xustificacións técnicas no proxecto de urbanización.
- 3) Os axustes introducidos no proxecto de urbanización conforme ás condicións de execución debidamente xustificadas non supoñen a necesidades de modificar o presente PEID.
- 4) Conservaranse as redes de servizos existentes emprazándoas na medidas do posible coa nova rede.

**Art. 12.- Rede de saneamento**

- 1) Será necesaria a execución dunha rede de sumidoiros para a evacuación das augas pluviais adaptada ás necesidades e características do terreo que en todo caso buscará a evacuación aos leitos naturais próximos.
- 2) En todo caso, teranse en consideración os parámetros establecidos nos planos de ordenación, podendo axustarse conforme ás xustificacións técnicas no proxecto de urbanización.
- 3) Os axustes introducidos no proxecto de urbanización conforme ás condicións de execución debidamente xustificadas non supoñen a necesidades de modificar o presente PEID.

**Art. 13.- Condicións de proxecto**

- 1) Os proxectos da rede estarán suxeitos ás seguintes condicións mínimas:
  - a) As seccións mínimas serán de FO 300, PE 110 e as conexións dos embornais de PE de DN160.
  - b) As velocidades máximas estarán comprendidas entre 0,6 m/s e 3 m/s.

**CAPÍTULO V. REDE ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN PÚBLICA****Art. 14.- Rede eléctrica e iluminación pública**

- 1) Con carácter xeral manterase a rede existente, procedendo ao seu desprazamento ao borde da beirarrúa interior, a continuación do bordo se existira, ou a 10 cm do bordo da calzada no caso de situarse estes dentro da superficie de calzada.
- 2) A vía deberá ter un nivel luminoso mínimo que se indica a continuación:
  - a) Viario rodado: Nivel de iluminación mínimo de 30 Lux cun coeficiente de uniformidade: igual o maior a 0,4.
  - b) Viario peonil: Nivel de iluminación mínimo de 15 Lux cun coeficiente de uniformidade: igual o maior a 0,4.
- 3) A iluminación será tipo LED, de baixo consumo e situada sobre báculo, fustes ou outras debidamente xustificadas.
- 4) Tódolos equipos a empregar deberán estar protexidos contra a corrosión e, de ser condutores, disporán de toma de terra.
- 5) A situación dos centros de mando será tal que ocupen un lugar secundario na escena visual e non ocasionen inconvenientes ao cidadán nin para transitar nin pola potencial produción de ruídos molestos. Os armarios serán de aceiro inoxidable de calidade e espesor acorde coas necesidades.

## **CAPÍTULO VI. RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

### **Art. 15.- Residuos sólidos urbanos**

- 1) Garantirase a recollida de RSU pola empresa contratada municipal.
- 2) Situaranse dous grupos de contedores para os mesmos, un na zona de casas do norte, e outro na do sur.

## **CAPÍTULO VII. INTEGRACIÓN NO AMBIENTE**

- 1) Aproveitaranse as estruturas existentes e reducirase a superficie de ocupación, minimizando o impacto da actuación sobre o medio físico e biótico.
- 2) Estarase ao disposto nas normas de protección do patrimonio cultural establecidas no catálogo do PEID.
- 3) Nos noiros resultantes utilizaranse especies vexetais tapizantes con sistemas radiculares que favorezan a fixación do solo. Definirase o marco de plantación para cada especie e as dimensións axeitadas dos ocos de plantación.
- 4) Nas labores de revexetación empregaranse especies autóctonas propias da rexión bioclimática.
- 5) O mobiliario urbano empregado deberá concibirse conxuntamente cos demais elementos de urbanización existentes e integrarse no solo rústico polo que discorre a vía.

## **TÍTULO IV.-NORMAS DE PROTECCIÓN DE AUGAS E ZONAS HÚMIDAS**

### **CAPÍTULO VIII. DETERMINACIÓNS DA REDE FLUVIAL**

- 1) Terase en conta o artigo 36. Obras de paso de infraestruturas de transporte do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC), aprobado por Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, en particular, o punto 2 que indica que as pontes dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e as características da propia infraestrutura: tránsito, importancia, e o punto 3 no que establécense recomendacións respecto ao resguardo desde a superficie libre da auga á parte inferior do taboleiro. Con carácter xeral no se poñerán apoios intermedios na canle, sendo só autorizables en caso de que sexa a única solución técnica viable.
- 2) No caso de que existan cursos fluviais, cunha conca de aportación inferior a 1 km<sup>2</sup>, ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.
- 3) A lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4, 78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH) calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración. No momento da autorización, analizarase en detalle a actuación, establecéndose todos os condicionantes e prescricións oportunos para o seu desenvolvemento.

### **CAPÍTULO IX. DETERMINACIÓNS DAS ZONAS INUNDABLES**

- 1) Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos. Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.
- 2) A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e o artigo 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.
- 3) As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse de forza maior. (Artigo 41 PHGC).
- 4) Segundo o artigo 32 do PHGC, calquera excepción ás previsións establecidas nas zonas de fluxo preferentes será compatible co establecido no Regulamento do dominio público hidráulico e demais lexislación aplicable e cumprirá, se for o caso, os criterios e medidas preventivas establecidas no Plan de xestión do risco de inundación aplicable e polos órganos competentes en materia de protección civil e ordenación do territorio.

- 5) A Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía para obras ou traballos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 33 do PHGC.
- 6) Con carácter xeral non se autorizarán nesta zona as actividades relacionadas no artigo 34 do PHGC: acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume.
- 7) Ademais, para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.
- 8) As actividades que se produzan en desenvolvemento das previsións de calquera instrumento de planificación, de carácter territorial ou urbanístico, para ser autorizadas por Augas de Galicia deberán ter en conta o establecido no artigo 33.3 e a tal efecto, contarán cun plan de protección das persoas e bens, específico para a autorización que se solicita, co informe favorable da Administración competente en materia de protección civil; e cumprir todas as medidas de prevención do risco establecidas polas autoridades competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- 9) Atenderase aos criterios para o deseño da drenaxe nas novas áreas que se urbanicen contidos no artigo 37.
- 10) Teranse en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.
- 11) Toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable conforme ao establecido no artigo 9bis.3, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.
- 12) Con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente, cumprindo co disposto nos artigos 9ter e 9quater.
- 13) As administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección nas zonas inundables, de conformidade co disposto no artigo 14bis.3. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. Con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable tal e como se establece no artigo 14bis. 4.
- 14) Os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables, cumprindo co disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 1/2001.

Cervo, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 21 de xullo de 2022, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2022 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal, da Piscina Municipal e das cotas do 3º bimestre de 2022 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 10 de agosto ao 14 de novembro de 2022. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 21 de xullo de 2022.- O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2155

## FOLGOSO DO COUREL

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 19 de xullo de 2022 aprobose o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 22 de xullo de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2156

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

O Pleno da Corporación nasúa sesión ordinaria de data 26 de xullo do 2022, acordou proceder á corrección do erro padecido no acordo de data 27 de decembro, polo que se aprobou o Presuposto do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2022, en concreto, no Anexo do Cadro de persoal, no seguintesenso:

**Donde di:**

Técnico/a 1 A2 Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59 €

**Debe dicir**

Técnico/a 1 B Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59 €

En Monforte de Lemos, 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 2161

## NAVIA DE SUARNA

*Anuncio*

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio 2021, e informada pola Comisión Especial de Contas con data de 27 de xullode 2022; de conformidade e aos efectos previstos no art.212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ao público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello,



polo prazo de quince días, a fin de que durante o mesmo poida ser examinada e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Navia de Suarna, 28/07/2022.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2157

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021, xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>].

A Pontenova, 29 de xullo de 2022.- O Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2162

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2022, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora sobre taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>].

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

A Pontenova, 29 de xullo de 2022.- O Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2163

## QUIROGA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2022**

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 01/07/2022, de aprobación do expediente de modificación de créditos nº 1/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto, que non afectan a baixas e altas de crédito de persoal, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Aplicacións que se modifican:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1640	62200	Cemiterio municipal	190.000,00	35.000,00	225.000,00

3330	63200	Ampliación Museo Etnográfico	25.000,00	-25.000,00	0,00
3400	63300	Reparación e mellora piscinas	20.000,00	-10.000,00	10.000,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de dito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

En Quiroga, 1 de agosto de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2182

## SARRIA

### Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2022 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario CE 2/2022 e suplementos de crédito SC 3/2022 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos para 2022, da seguinte forma:

Concello

#### Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	3.985.082,02 €
Cap. 2	Impostos indirectos	135.000,00 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.369.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	5.096.555,97 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	700.518,20 €
Cap. 8	Activos financeiros	8.788.850,44 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	991.900,66 €
	<b>TOTAL</b>	<b>22.067.807,29 €</b>

#### Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	4.361.420,21 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	7.396.388,25 €
Cap. 3	Gastos financeiros	90.000,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	542.751,63 €
Cap. 6	Investimentos reais	9.646.210,08 €
Cap. 7	Transferencias de capital	22.037,12 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>22.067.807,29 €</b>

Sarria, 1 de agosto de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2194

*Anuncio*

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, de crédito extraordinario CE 3/2022 e suplemento de crédito SC 4/2022 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 28 de xullo de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación de créditos quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 1 de agosto de 2022.- O Alcalde. Claudio M Garrido Martínez.

R. 2195

**VIVEIRO***Anuncio*

Aprobados inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 2 de agosto de 2022, os expedientes de modificación de créditos núm. 028/2022 e 029/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 03 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2213